

## "REGULAMENTO DAS BOLSAS PARA AS PRAZAS DE CAMPAMENTO DE VERÁN CONVOCADAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL- 2014"

APROBADO POR RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 115 DE DATA 18-03-2014

### 1. FUNDAMENTACIÓN:

A Deputación Provincial de Pontevedra convoca Praza nos Campamentos de Verán, o custe de cada praza neste ano son 83,60€ a abonar entre o concello e a familia, unha contía un 23% superior ao ano 2013. Esta contía resulta de difícil acceso para moitas familias do concello, polo que os menores de familias con escasos recursos económicos non poderían participar nesta actividade, por iso, ao igual que en anos anteriores se pretende facilitar o acceso aos campamentos de verán tamén a menores de familias con menor capacidade económica, promovendo deste xeito a súa participación e integración social, mediante o financiamento parcial por tramos das prazas en función dos ingresos familiares. Xa que logo a finalidade deste Regulamento é establecer uns criterios obxectivos e un marco regulamentario para a concesión das bolsas de Campamentos de Verán 2014.

### 2. CONCEPTO:

Bolsa con distintos importes, do 80% e do 50% do custe da praza, en función dos ingresos familiares:

#### Límites de recursos :

**1.1 Bolsa do 80% do custe da praza:** 80% do SMI incrementado nun 20% por cada membro adicional da UF a partir do 2º:

Custodia do 80%	
Nº Mbros.	Ingresos mensuais
02	516,24€
03	645,30€
04	774,36€
05	903,42€
06	1.032,48€
07	1.161,54€

**1.2. Bolsa do 50% do custe da praza:** 100% do SMI incrementado nun 20% por cada membro adicional da UF a partir do 2º,

Custodia do 50%	
Nº Mbros.	Ingresos mensuais
02	645,30€
03	774,36€
04	903,42€
05	1.032,48€
06	1.161,54€
07	1.290,60€

Enténdese por **Ingresos computables** tódolos habidos por calquera membro da Unidade familiar de convivencia (salarios, xornais, pensións, prestacións e subsidios por desemprego, prestacións periódicas, etc.) durante os meses de xaneiro e febreiro de 2014, **agás** os ingresos procedentes de axudas finalistas (Prestación familiar por fillo a cargo menores de 18 anos con ou sen minusvalía, libranzas, etc.)

Enténdese por **Ingresos netos** a suma dos ingresos líquidos computables menos os gastos habidos en concepto de pago de aluguer ou amortización de créditos hipotecarios.

#### **Importe total por praza a abonar polo Concello e a Familia: 83,60€**

	Importe da Bolsa Concello	Achega Familia
Bolsa do 80 %	66,88 €	16,72 €
Bolsa do 50 %	41,80 €	41,80 €
Sen subvención	0	83,60 €

#### **3. PARTICIPANTES:**

Menores nacidas e nacidos entre 2001 e 2006, empadroados e con domicilio en Pontecesures.

#### **4. REQUISITOS:**

- Estar empadroad/a e ter residencia efectiva no Concello de Pontecesures
- Ter nado entre 2001 e 2006
- Que os Ingresos da Unidade Familiar non superen os límites establecidos no punto deste Regulamento para acceder ás prazas subvencionadas

#### **5. DOCUMENTACIÓN:**

- Solicitud segundo modelo
- Volante de Empadroamento
- DNI do pai/nai e menor solicitante se o tivera
- Tarxeta sanitaria do/a menor

No caso de solicitar Bolsa para o financiamento da praza, ademais da anterior:

- Certificado de Convivencia
- Libro de Familia
- Xustificantes dos Ingresos dos meses de xaneiro e febreiro de 2014 (nóminas, certificados de prestacións, ...)
- Recibo do Aluguer, de ser o caso
- Xustificante do pago de empréstito para adquisición de vivenda habitual, de ser o caso
- Última declaración do IRPF

#### **6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**

O Prazo de presentación de Solicitudes estará aberto ata o 1 de abril.

As solicitudes e documentación presentaranse no rexistro xeral do concello, a efectos de prelación de solicitudes.

#### **7. PROCEDEMENTO:**

Unha vez rematado o prazo de Presentación de Solicitudes, estas serán remitidas á Deputación provincial o 1 de abril a efectos de adxudicación das prazas, ao tempo que son avaliadas pola Traballadora Social do Concello tódalas solicitudes demandantes de praza

subvencionada, conforme ao presente Regulamento, quen proporá a Lista Provisional de participantes con praza subvencionada á Xunta de Goberno Local/Alcaldía que a elevará a definitiva, se procede.

## **8. BAREMO DE AVALIACIÓN DE SOLICITUDES:**

No caso de que o número de solicitantes que cumpran os requisitos para acceder ás prazas subvencionadas sexa superior ao nº de prazas, aplicarase o seguinte baremo a efectos de priorizar as solicitudes:

1. Situación Económica:

- Adxudicaranse 10 ptos. aos que non superen o límite económico de referencia, e sumarase 1 pto. por cada tramo de 5 € no que os ingresos netos sexan inferiores ao LAR

2. Composición familiar:

- 1 pto. por cada membro da unidade familiar de convivencia

3. Problemática socio-familiar (acumulable):

- Unidade familiar incluída no Programa de Educación Familiar..... 10 puntos.
- Carencia de recursos económicos estables... 5 puntos.
- Familia monoparental..... 3 puntos.
- Minusvalías..... 2 puntos.
- Outras (que teñan incidencia negativa no desenvolvemento axeitado do/a menor)..... 2 puntos.

4. No caso de empate nas puntuacións será determinante a orde de presentación de solicitudes.

## **9. ORZAMENTO**

O gasto máximo estimando 5 Bolsas do 80% (supoñen 334,40€) e 5 Bolsas do 50% (supoñen 209,00€) é de 543,40€, créditos que se habilitan coa aprobación deste Regulamento.